

EXPEDIENTE: 2025/E001/000007 (relacionado co expediente 2025/A008/000029)

ASUNTO: PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 ASISTENTE/A DE DIRECCIÓN E ADMINISTRATIVO/A (CNO 3613) PARA O PROXECTO “GARANTÍA XUVENIL DODRO 2025”, AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN PARA ENTIDADES LOCAIS QUE CONTRATEN PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, COFINANCIADAS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA FSE+ GALICIA 2021-2027

TRÁMITE: ACTA

En Dodro, sendo ás 13:05 horas do día 09/12/2025, reúnese na Casa do Concello de Dodro o Tribunal Cualificador encargado do proceso selectivo para a contratación laboral temporal, mediante oferta na Oficina de Emprego Santiago Norte e posterior concurso reservado a persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, dun/dunha Asistente/a de dirección e administrativo/a (CNO 3613), grupo de cotización 3, cunha duración de 9 meses e ao 100% da xornada laboral para a realización do proxecto “GARANTÍA XUVENIL DODRO 2025”, ao abeiro da subVENCIÓN da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para entidades locais que contraten persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027.

O anuncio e as bases foron publicadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Presidenta:

Titular: María Lourdes Diéguez Rarís, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Vogais:

Titular: María José Rodríguez Expósito, funcionaria do Concello de Dodro.

Titular: Ana María Rial Dafonte, funcionaria do Concello de Dodro.

Titular: Fernando González Ares, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Secretaria:

Titular: Sandra María García Chenlo, funcionaria do Concello de Dodro

A presidencia declara constituído o Tribunal Cualificador.

A continuación, de acordo coa base 8, das que rexen o proceso, a selección das persoas para a provisión da praza obxecto desta convocatoria realizarase por medio do sistema do concurso e tendo en conta o establecido na referida base 8 que di:

“8.1 CONCURSO DE MÉRITOS DE FORMACIÓN

A puntuación máxima total do concurso establécese en dez (10) puntos e será o resultado de sumar os méritos que se enumeran nos seguintes apartados cos límites que se sinalan para cada un deles:

1. *Formación académica. Máximo 3 puntos.*

1. *Por estar en posesión do título de Técnico Superior de Administración e Finanzas ou do título de Técnico Superior en Asistencia á Dirección ou equivalentes: 2 puntos.*
2. *Por estar en posesión do título de licenciatura, diplomatura ou grao: 1 punto.*

Tan so se valorará a formación académica que non fose presentada para acreditar o cumprimento do requisito de acceso ao posto.

2. *Cursos de formación. Máximo 7 puntos.*

Valoraranse os cursos de formación e accións formativas en materias relacionadas directamente coas tarefas do posto de traballo convocado ou ben en materias transversais como a prevención de riscos laborais, transparencia e protección de datos de carácter persoal, atención á cidadanía e habilidades comunicativas e sociais, ofimática e informática, novas tecnoloxías da información e comunicación. Deberán estar impartidos por escolas públicas de formación de persoal ao servizo das administracións públicas, organismos da administración e institucións públicas ou debidamente homologados por estes.

1. *Por cada curso de duración superior a 30 horas e inferior ou igual a 50 horas: 1 punto.*
2. *Por cada curso de duración de 51 a 100 horas de duración: 2 puntos.*
3. *Por cada curso de duración igual ou superior a 101 horas: 3 puntos.*

De ser necesario, o resultado da valoración redondearase en dous decimais para cada un dos apartados e subapartados."

De acordo co exposto e segundo o previsto nas bases, vistos os méritos achegados polas persoas aspirantes, o Tribunal Cualificador por unanimidade dos seus membros outorga as seguintes puntuacións:

PABLO FRANQUEIRO EDREIRA		Puntuación
Formación académica (máx. 3 puntos)	Grao en ciencia política e da administración	1 punto
	Total formación académica	1 punto
Cursos de formación	Cursos de formación e Cursos transversais	0 puntos
		0 puntos
	Total cursos de formación	0 puntos
TOTAL		1 punto

KATHREIN RAMA GEY		Puntuación
Formación	Título de técnico superior do ciclo formativo Administración e finanzas	2 puntos

KATHREIN RAMA GEY		Puntuación
académica (máx. 3 puntos)	Total formación académica _____ 2 punto	
Cursos de formación (máx. 7 puntos)	Cursos de formación e Cursos transversais	0 puntos
		0 puntos
	Total cursos de formación _____ 0 puntos	
TOTAL _____		2 puntos

De acordo coa Resolución da Alcaldía 654/2025 do 05/12/2025 dona Kathrein Rama Gey non acreditou estar en posesión do CELGA 4 e polo tanto, debe realizar a proba de galego correspondente ao dito nivel.

A continuación procédese a dar conta do indicado na base 8 en relación ao coñecemento da lingua galega:

"8.2 EXERCICIO PROBA DE GALEGO Obrigatorio para os que non puideron acreditar o coñecemento da lingua galega mediante o certificado Celga 4 ou equivalente da lingua galega, deberán realizar unha proba escrita proposta polo Tribunal Cualificador, cunha duración máxima de 30 minutos. Esta proba cualificarase como APTO ou NON APTO".

En consecuencia, o Tribunal elabora a proba de galego que consistirá na traducción dun texto extraído do Diario Oficial de Galicia núm. 237 do 9 de decembro de 2025, e que é o seguinte:

"En el Tribunal Superior de Justicia de Galicia, Sala de lo Contencioso Administrativo, Sección Primera, se tramita el recurso 637/2025 (procedimiento ordinario), interpuesto por Manuel Fernández Rivas, frente a la desestimación presunta, por silencio administrativo, del recurso de reposición interpuesto, de manera directa, contra la Resolución de 11 de junio de 2025, de la Dirección General de Recursos Humanos, por la que se hace público el acuerdo del tribunal que juzga el proceso selectivo para el ingreso en la categoría de médico/a de familia de atención primaria, convocado por la Resolución de 14 de diciembre de 2022, relativo a la baremación definitiva de la fase de concurso y a la publicación de las personas aspirantes seleccionadas (DOG núm. 116, de 19 de junio) y, de manera indirecta, frente a la Resolución de 11 de diciembre de 2023, de la Dirección General de Recursos Humanos, por la que se modifica la Resolución de 14 de diciembre de 2022 por la que se convoca concurso-oposición para el ingreso en la categoría de médico/a de familia de atención primaria, y se amplía el número de plazas (DOG núm. 239, de 19 de diciembre).

Lo que se notifica para general conocimiento de todas las personas interesadas en el procedimiento, que son emplazadas para que puedan comparecer en el tribunal

como demandadas en el plazo de nueve días, de conformidad con lo previsto en el artículo 49 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de la jurisdicción contencioso-administrativa.”

Sendo as 13:50 h procédese ao chamamento de Kathrein Rama Gey fin da realización da proba de galego.

Finalizada a proba o tribunal considera APTA á candidata.

Á vista de todo o anterior, o **resultado por orde decrecente** é o seguinte:

APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
PABLO FRANQUEIRO EDREIRA	***958***	1
KATHREIN RAMA GEY	***970***	2

A base 9 das que rexen o proceso de selección establece respecto da proposta de selección o seguinte:

“Determinada a cualificación final dos procesos selectivos, o Tribunal publicará no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica a relación das persoas aspirantes por orde da puntuación total final, con especificación da mesma.

Será seleccionada a persoa aspirante que obteña maior puntuación.

En caso de empate na puntuación final do proceso selectivo, dirimirase por sorteo público a celebrar ante o Tribunal Cualificador, do que se levantará a acta correspondente.

Os aspirantes disporán dun prazo de 1 día hábil contados dende esta publicación, para presentar as alegacións que estimen oportunas no Rexistro Xeral do Concello de Dodro.

Concluído este prazo publicarase a cualificación final dos procesos selectivos, o Tribunal publicará no citado Taboleiro de Anuncios da sede electrónica o nome da persoa aspirante coa puntuación total final, con especificación desta.

Así mesmo, o Tribunal elevará esta proposta, coa acta da sesión, á Alcaldía para proceder á formalización do contrato correspondente a favor da persoa aspirante que obtivera a puntuación total máis alta.

O Tribunal Cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao das prazas convocadas. Calquera proposta que inclúa máis nomes que prazas convocadas ou contradiga o anteriormente establecido, será nula de pleno dereito.

Na acta da última sesión do Tribunal incluírase, por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva, na que figurarán as persoas aspirantes que non foron

propostas para nomeamento, por obter unha puntuación de ordinal inferior ao número de prazas convocadas, a efectos de poder, se así se estima, ser contratados para cubrir provisionalmente as vacantes que se produzan ou as ausencias por aproveitamento de licenzas regulamentarias, necesidades do servizo, etc., ou por se fose necesario cubrir algunha baixa ou renuncia da persoa seleccionada.

A confección desta relación de aspirantes para provisións temporais será aprobada por Resolución da Alcaldía e publicada no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica.

A persoa aspirante incluída na proposta de contratación do Tribunal Cualificador, cando fose chamada para a incorporación ao traballo, presentará no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de 1 día hábil (contado a partires do día seguinte a aquel en que foi requirida para elo) os documentos orixinais que acrediten que cumpre os requisitos esixidos nas Bases 5ª, 6ª e 8ª desta convocatoria, así como informe médico actualizado, polo que non deberá ter unha antigüidade superior a 3 meses contados dende a data da resolución definitiva da Alcaldía na que se aproba o/a aspirante seleccionado/a, no que conste que non se padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ó posto de traballo ao que se opta.

Será nula a contratación de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

A formalización dos contratos terá lugar dentro do prazo de 1 día hábil, a contar desde a data de notificación do acordo de contratación.

Previamente á sinatura do contrato, o aspirante seleccionado deberá subscribir a declaración á que se refire o artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades”.

En base ao anterior, e á vista da puntuación obtida no proceso selectivo polas persoas aspirantes, o Tribunal Cualificador acorda:

Primeiro.- Propoñer á alcaldía a contratación da seguinte aspirante por ser a persoa que superou o proceso de selección con maior puntuación.

- Kathrein Rama Gey con DNI ***970***

Segundo.- Propoñer á Alcaldía a formación dunha lista de reserva integrada polo seguinte candidato:

- Pablo Franqueiro Edreira con DNI ***958***

Terceiro.- Publicar as cualificacións das persoas aspirantes no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro, outorgando prazo de presentación de alegacións ou reclamacións será de **1 día hábil seguinte á publicación.**

No caso de que non se presenten alegacións, a proposta elevarase automaticamente a definitiva.

Sendo as 14:30 h, dáse por rematado o acto, estendéndose a presente acta, do que dou fe.

A presidenta do tribunal, María Lourdes Diéguez Rarís
A secretaria do tribunal, Sandra María García Chenlo